

A palabra de hoxe é

Xeonlleira

XEONLLEIRA

A xeonlleira é unha peza almofadada ou tira elástica que se coloca no xeonllo para protexelo dos golpes, do frío, de posibles lesións etc. Emprégase na práctica de moitos deportes por prevención e seguridade.



A palabra de hoxe é

***Protector
bucal***

PROTECTOR BUCAL

Un protector bucal é un aparato que serve para protexer o interior da boca, protexe os dentes e evita cortes dentro da boca ou no labio aparte de aumentar a seguridade da mandíbula. O seu uso é imprescindible en deportes de contacto coma o boxeo.



Esta é a derradeira palabra amig@s,
temos que despedirnos, agárdannos en
París para os preparativos dos Xogos
Olímpicos e Paralímpicos.



Estamos un pouco tristes, xa nos afixeramos a estar entre tod@s vós e ímosvos botar moito de menos. Foi un pracer estar aquí e gardaremos un recordo marabilloso. A ver se podemos volver noutra ocasión. Ata sempre!



A palabra de hoxe é

Cobadeira

COBADEIRA

Unha cobadeira é unha peza elástica que se coloca no cóbado para protexelo. O seu uso é moi común en deportes como béisbol, baloncesto, tenis ou halterofilia, nos que o cóbado está exposto a moita tensión.



A palabra de hoxe é

Caneleira

CANELEIRA

A caneleira é unha protección para as canelas que usan os deportistas.

Lembramos que a canela é a parte da perna situada entre o xeonllo e o pé, que se corresponde con este óso.

